



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

CENTRO: CMUS PROFESIONAL, A CORUÑA
CURSO: TODOLOS CURSOS
MATERIA: PIANO
DEPARTAMENTO: tecla
DATA: 7 Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.** . 1º e 2º de Grao Elemental: cinco pezas e/ou exercicios do método de iniciación traballado co profesor ó longo do curso.
3º e 4º de Grao Elemental, así como todos os cursos de Grao profesional: Dúas obras, e mailos exercicios técnicos e/ou estudos traballados na clase no segundo trimestre, da lista orientativa de repertorio indicado na programación vixente, para cada curso.
http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación_Piano_19-20.pdf
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.** Se seguirán os criterios para o segundo trimestre, para cada un dos catro cursos do Grao Elemental, así como para cada un dos seis cursos do Grao Profesional, como aparecen relacionados na programación vixente. En todo caso, ós alumnos non se lles vai a esixir a participación en audicións públicas. Os de sexto curso, asemade, quedan dispensados da realización do Recital de Fin de Grao profesional. Para a cualificación final, se tomara de base a nota da segunda avaliación e, en ningún caso, se conferirá unha cualificación final por debaixo.
[http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación Piano 19-20.pdf](http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación_Piano_19-20.pdf)
- 3. Criterios de cualificación.** O traballo realizado durante o estado de alarma, e supervisado polo profesor, por medio telemático, servirá para confirmar a cualificación outorgada pola segunda avaliación, ou mesmo incrementala, cando sexa o caso, sempre que o titor considere que o aproveitamento e esforzo demostrados merecen conferir unha cualificación máis alta. Para este caso, a cualificación poderá ser incrementada ata dous puntos, como máximo.
- 4. Instrumentos de avaliación.** : son os medios telemáticos polos que cada profesor mantén o contacto e fai seguemento dos seus alumnos dende que se decretou o fin do ensino presencial: WhatsApp (video e audio), FaceTime, Skype, Zoom, Cisco Webex.
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
Actividades de Recuperación: Todo aquel alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua, será convocado polo profesor á realización dunha proba, mediante a canle telemática utilizada durante o terceiro trimestre, a fin de acreditar que ten acadados os contidos mínimos para o segundo trimestre, en consonancia cos criterios de avaliación correspondentes á segunda avaliación,

para o curso no que se atope. Ditas probas, que serán telemáticas, se levarán a cabo entre os días 25 e 27 de Maio.

Reforzo e repaso: O labor do profesor ó longo deste terceiro trimestre, será primordialmente propedéutico e titorial, facendo fincapé na mellora, consolidación, e perfeccionamento dos contidos traballados polo alumno ata o fin da segunda avaliación. Como titor, fomentará o desenvolvemento de hábitos como a constancia, así como o espírito de superación, que son virtudes fundamentais para a aprendizaxe e práctica das artes da interpretación musical, como é o caso para a especialidade instrumental de piano.

.- Os contidos previstos para o terceiro trimestre 2020, pasarán á programación do vindeiro curso, mediante a adaptación curricular oportuna.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 2	CENTRO:CMUS. PROFESIONAL DA CORUÑA CURSO:TODOS MATERIA:PIANO
----------------------------------------------------------	---------------	--------------------------------------------------------------------